



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2018-2019

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

NOTA INFORMATIVA:

1. A solicitude será única e poderase presentar de forma presencial no centro educativo de primeira opción, ou de forma electrónica a través da aplicación admisionalumnado.
2. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
3. O alumnado que ten reservada a praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
4. Autobarefacción: Na solicitude de admisión, na columna de “puntuación”, os solicitantes deberán cubrir os datos numéricos realizando unha autobarefacción. Esta será posteriormente ratificada ou rectificada á vista da documentación complementaria achegada.
5. A documentación esixida para acreditar os criterios é voluntaria. A non presentación dalgún xustificante suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.
6. A concesión de praza e a posterior matriculación no centro, implica por parte dos pais ou titores legais, a aceptación do carácter propio do centro.
7. Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 392 e 405 da declaración da renda do ano 2016. Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2016 que está fixado en 6.390,13.

Asdo. Juan Pablo Santiso González

